

Guía de inscripción
GRUPOS PARTICIPANTES

 **TRÉPIA**
ASOCIACIÓN
CULTURAL

Pontevedra, 22 de Abril do 2017

AÑA URBANA



primeiro... QUE É A AÑA URBANA ?


A Aña Urbana é un programa de actividades da A.C. Trépia arredor do ciclo das labradas. Isto é, basicamente un evento no que facer difusión non só da música tradicional relacionada cos traballos do campo no tempo das labradas, mais tamén doutros aspectos da nosa cultura tradicional vencellados: usos e costumes, investigación etnográfica... ademais, claro da música e baile tradicionais.

Desde xa fai sete edicións, a A.C. Trépia de Pontevedra vén organizando esta xornada que, máis aló do exposto, pretende ademais procurar novos eidos de expresión e usos para a música tradicional. Partindo da base de que cómpre inda facer moito traballo de difusión no noso país; propoñemos dar un paso máis achegando expresións culturais coma esta ao ambiente urbano en pleno século XXI: dotar de novos sentidos ás tradicións arraigadas pode -e debe- ser un xeito de garantir a súa pervivencia no futuro, toda vez que o ambiente sócio-cultural onde estas manifestacións naceron vai esmorecendo paseniño, vítima colateral do tan anxeiado “progreso”.

Xa que logo, na Aña Urbana pretendemos dunha banda achegar ao público toda a investigación etnográfica, musical e cultural vencellada dalgun xeito coas labradas; da man de colectivos, agrupacións, escolas e asociacións que se adican desde hai anos de *motu proprio* a estas tarefas; e da outra banda promover a creatividade e modernización dos ítems culturais, na liña do que viñamos falando.


Nese senso, na nosa escola traballamos co alumnado o repertorio propio de cada época do ano no momento correspondente (conforme a eses ciclos musicolóxicos), de xeito que non só esteamos a transmitir a información, senon que ademais ofrezamos coñecementos sobre o contexto natural do que parten esas tradicións.

Pouco a pouco, co paso das edicións, a Aña Urbana foi-se conformando como hoxe é, de xeito que teñen cabida nela moi diversas participacións e propostas:




Os roteiros da AÑA URBANA

Consiste en catro roteiros simultáneos, con paradas en distintos puntos da cidade e do casco histórico. Os grupos participantes fan unha pequena intervención nos lugares marcados, con repertorio do ciclo das labradas (cantares de labrada e da aña, tocando nos leghóns, baile do ramo....).




Roteiro 1

12:00h.: Concello
12:30h.: Peregrina
13:00h.: Curros Enríquez




Roteiro 2

12:00h.: 8 de Marzo
12:30h.: Abastos
13:00h.: Concello



Roteiro 3

12:00h.: Curros Enríquez
12:30h.: Concello
13:00h.: Abastos



Roteiro 4

12:00h.: Abastos
12:30h.: Curros Enríquez
13:00h.: Peregrina

O obxectivo é encher as rúas e prazas coa música e baile *tradicional*, ofrecendo aos grupos un espazo no que amosar o froito do seu traballo de recuperación, investigación ou adaptación.

É que, sendo en si unha adaptación urbana, os grupos son libres de interpretar a aña do xeito que máis gosten: con traxes tradicionais ou con roupa actual; adaptacións fieis ao orixinal, ou innovadoras... trata-se, á fin, de atoparmos entre todos novos espazos e usos para... a aña, neste caso.

que máis hai na AÑA URBANA ?

Mostra de oficios e artesanías

Contaremos tamén coa presenza de diversos artesanías que farán demostracións ao vivo de oficios tradicionais: cesteira, sombreirería de colmo, luthería de instrumentos tradicionais...

Postos para xantar / zona de ócio

Teremos, como cada ano, un espazo para o ócio con mesas e asentos para pasarmos xuntos as horas centrais do día, intercambiar impresións e, por suposto, cantar e bailar ao máis puro estilo romeiro.

Obradoiros abertos, actuacións e serán

De 18:00h. às 19:30h. teremos obradoiros de música e baile tradicional gratuítos e en aberto para quen queira participar (consultar o programa), para dar paso ás actuacións dos grupos convidados e por último celebrarmos un fin de festa como se merece: cunha nova edición do serán da Aña Urbana.

Exposición

Desde a primeira edición se deu moita importancia ao traballo de divulgación, da man de divers@s persoer@s provintes do mundo da investigación etnográfica. Nese senso, viña-se celebrando cada ano o ciclo de “Conferencias da Aña Urbana” que, desta volta, vai ser reformulado en forma de exposición informativa; onde se recollerán conclusións e aportes tirados das poñencias dos anos anteriores, a xeito de compendio e resumo.

Para elo, este ano contaremos coa colaboración do CETMo (Centro Etnográfico da Terra de Montes), que nos achegará diferentes pezas da exposición permanente na sua sé de Soutelo de Montes para complementar dun xeito máis visual e concreto toda a información contida na exposición. Esta poderá ser visitada ao longo de todo o día 22 na carpa situada na praza do Concello (de 12:00h. a 20:30h., de xeito ininterrompido), con dúas visitas guiadas às 13:30h. e às 17:30h.



o programa...

- 12:00h.:** Comezo dos roteiros cos grupos participantes e apertura da carpa
Peregrina - Abastos - Curros Enríquez
8 de Marzo - Concello
- 13:30h.:** Visita guiada á exposición do CETMo (Centro Etnográfico da Terra de Montes), na carpa da Praza do Concello
- 17:30h.:** 2ª visita guiada á exposición
- 18:00h.:** Obradoiro aberto
(toques de leghón: Xandre Outeiro)
- 18:30h.:** Obradoiro aberto
(baile tradicional: Miguel Sotelo)
- 19:00h.:** Obradoiro aberto
baile do ramo
- 19:30h.:** Actuacións grupos convidados
- 21:00h.:** Serán
(inscrición dos grupos: no momento)

onde podeades inscribir-vos?

É moi sinxelo: tan só tedes que acceder á sección da Aña Urbana na web da A.C. Trépia www.trepia.org e cubrir o formuláριο de inscrición indicando o nome do grupo e o número de compoñentes:



Na A.C. Trépia, ademais, estamos ao voso dispor para calquer cuestión ou pregunta relacionada coa inscrición ou o programa a través do e-mail de contacto da asociación, info@trepia.org, desde o que recibiredes a confirmación da inscrición e posterior información complementaria para os participantes nas semanas previas.

organiza:



promove:

